

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trinta de marzo do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, en substitución da titular, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asiste á sesión o deputado provincial e vicepresidente 2º, don Jorge Pumar Tesouro, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 24 DE MARZO DE 2017.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e catro de marzo de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DAS BASES SEGUNDA E QUINTA DAS QUE REXEN A CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2017.-

Con data 3 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno aprobou as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2017.

Con data 14 de marzo de 2017 publicáronse as ditas bases no BOP n.º 60 e en extracto no BOP n.º 61, o día 15 de marzo.

Unha vez vistos os antecedentes expostos na proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

1º.- Modificar as bases segunda e quinta das que rexen a convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2017, quedando redactadas nos seguintes termos:

“ Segunda: Beneficiarios

Poderán obter subvención como beneficiarias as organizacións, asociacións e/ou fundacións legalmente constituídas, para aqueles proxectos que se desenvolvan integramente nesta provincia e se dirixan a persoas con residencia na provincia de Ourense. Os proxectos ou actuacións para os que se solicita subvención deberán ter singularidade propia dentro do conxunto de actividades/actuacións da entidade solicitante, excepto nos proxectos na liña A) que poderán co-financiar proxectos estruturais da entidade.

Para os proxectos que obteñan subvención pola Liña A) esixirase que teñan unha sede, delegación ou domicilio na provincia de Ourense. O/s proxecto/s que obteñan subvención pola Liña B) e/ou C), esixirase que teñan o seu domicilio ou centro de actividades autorizado na provincia de Ourense.

No caso de que os proxectos e/ou actividades sexan presentados conxuntamente por dúas ou máis entidades, toda elas deberán cumprir cos requisitos esixidos, isto é, que cumpran os requisitos de domicilio descritos e estean inscritas nos rexistros correspondente con data anterior á finalización do prazo de presentación de proxectos.

Todas as solicitudes responderán a algunha das seguintes liñas/modalidades de subvención:

- A) Proxectos e actividades de emerxencia social.*
- B) Proxectos e actividades de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense*
- C) Proxectos de conciliación e reactivación socio-demográfica na provincia de Ourense.*

*Considerase que teñen **singularidade propia**, para os efectos desta subvencións, aquelas actuacións que se desenvolven dentro dun calendario certo, que identifica e xustifica a súa necesidade e mide o obxectivo a conseguir co desenvolvemento do proxecto.*

Para poder optar a estas liñas de subvencións, terán que cumprir os seguintes requisitos:

LIÑA A) Actividades de emerxencia social.

- Que a actividade se dirixa a colectivos e/ou persoas afectadas por unha situación de emerxencia económica de carácter estrutural ou conxuntural que precise de ser atendida con carácter de urxencia, primando especialmente aqueles proxectos cuxas actuacións se centran na atención económica, ou en especie, das necesidades básicas das persoas.*
- Que sexan prestados por entidades sen fins de lucro.*

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

- Que as devanditas entidades de iniciativa social estean inscritas no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Liña B). *Proxectos de prestacións de servizos sociais na provincia de Ourense.*

- Que o proxecto se dirixa aos beneficiarios/as últimos/as de calquera dos colectivos das distintas áreas de actuación propias de servizos sociais, primando aqueles colectivos de persoas, que por razóns obxectivas de índole económica, de saúde ou pola concorrencia de circunstancias sociais, étnicas ou culturais, sufran especiais dificultades respecto da xeneralidade da poboación e precisen dun tratamento específico para o acceso ao goce pleno dos dereitos de contido económico, laboral e social recoñecidos no ordenamento xurídico.
- Que sexan prestados dun xeito altruísta e desinteresado, sen fins de lucro.
- Que as devanditas entidades de iniciativa social estean inscritas con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.
- No caso de centros ou servizos sociais especializados, será requisito imprescindible dispor da correspondente autorización da Xunta para a súa creación, se é o caso.

Liña C). *Proxectos de conciliación e reactivación socio-demográfica na provincia de Ourense.*

- Que os proxectos teñan como obxectivo o desenvolver iniciativas de carácter social que teñan incidencia directa na recuperación, ou fixación da poboación nos seus lugares habituais de residencia, primando especialmente aqueles que teñan obxectivos concretos de conciliación familiar e laboral con nenos e nenas e/ou con maiores con necesidade de atención.
- Que non teñan finalidade lucrativa.
- Que as entidades, organizacións, asociación ou fundacións que presentan estes proxectos estean legalmente constituídos e debidamente inscritos nos rexistros correspondentes, antes da finalización do prazo de solicitude da subvención.

En todo caso, todas os presentadores de solicitudes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiarios esixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No suposto de ter recibido con anterioridade subvención desta Deputación, non deben existir incumprimentos das obrigas derivadas da súa concesión”.

“Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

1. Ao abeiro do establecido no artigo 7.2.d) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017
--

2. O formulario de solicitude regulado nestas bases só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir a través da aplicación informática <http://programasentidades.depourense.es>

Unha vez validado o formulario de solicitude, o/a solicitante procederá á súa transmisión telemática ao rexistro electrónico xeral da Deputación de Ourense.

Este proceso terá que facelo utilizando o DNI electrónico con certificado en vigor do representante legal da entidade.

Unha vez completado correctamente este proceso, emitirase telematicamente o documento acreditativo deste rexistro.

3. No caso de que o representante legal non posúa DNI electrónico ou medios técnicos, deberá obter e completar os formularios de solicitude a través da plataforma telemática, logo disto, deberá solicitarlle a través da aplicación informática á Deputación de Ourense que os funcionarios habilitados desta entidade fagan a transmisión electrónica das súas solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Area de Benestar da Deputación de Ourense que lles prestará a asistencia precisa aos interesados, co fin de garantir que a necesaria utilización de medios telemáticos non implique restrición ou discriminación ningunha. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 h do último día hábil do prazo de solicitude.

4. No caso de proxectos presentados por dúas ou máis entidades, presentarán un único formulario onde unha das entidades será a “entidade representante” que asumirá de forma directa as obrigas derivadas da obtención da condición de entidade subvencionada para os efectos desta convocatoria, e neste farase constar a porcentaxe na que participa cada unha das entidades que concorren conxuntamente.

5. O prazo improrrogable de presentación finalizará o día 2 de maio de 2017.

6. As solicitudes deberán formularse enviándoas telematicamente ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación despois de cubrir e validar os formularios do punto 7. Para estes efectos, e no suposto de que unha mesma entidade solicite subvención para máis dun proxecto, deberá obter, cubrir, validar e transmitir un novo formulario de solicitude para cada un dos proxectos presentados.

7. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación, en formato electrónico:

- Formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación, que só se poderá obter a través da plataforma <http://programasentidades.depourense.es>.

Neste formulario contéñense os datos da entidade, do seu representante, unha declaración do poder co que este actúa, ademais da declaración do conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins. O representante deberá sinalar e asinar neste documento unha declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso/a o/a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

No caso dos proxectos presentados por dúas ou máis entidades, o formulario recollerá datos de todas as participantes, unha delas con condición de “entidade representante” e o resto reflectirán no formulario a porcentaxe na que participa no desenvolvemento do proxecto.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017
--

- *DNI do/a representante da entidade, sempre que non se autorice á Deputación a consultalo automaticamente*
- *CIF da entidade solicitante, sempre que non se autorice á Deputación a consultado automaticamente.*

Nos supostos de imposibilidade material de obter os documentos, poderáselle requirir ao solicitante para que os escanee e os engada á súa petición informática.

Este formulario ademais contén a Memoria explicativa do proxecto obxecto de solicitude da subvención, que deberá ser cumprimentado pola entidade solicitante”

2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 99/POS/2017 DO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO.-

Á vista da solicitude formulada polo Concello de Xunqueira de Espadanedo, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello de Xunqueira de Espadanedo, incrementando o orzamento total do proxecto, con cargo á achega municipal, en 27.500,00 euros, polo que a obra 99/POS/2017, denominada “renovación da iluminación pública no núcleo de Xunqueira”, pasaría a ter un orzamento total de 82.500,00 euros.

4.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN. ENTIDADE COLABORADORA: CONCELLO DE MACEDA. BENEFICIARIA FINAL: DONA YOLANDA HERNÁNDEZ SUÁREZ.-

De conformidade coa proposta formulada pola Presidencia e tendo en conta o artigo 11 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (*BOP núm. 260 de data 12.11.2015*) a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

A concesión de subvención directa, por razóns de interese público que se consideran suficientemente acreditadas no expediente que obra na Vicesecretaría Xeral da Deputación de Ourense, co seguinte contido:

- *Beneficiario final: Dª. Yolanda Hernández Suárez.*
- *Entidade colaboradora: Concello de Maceda.*
- *Importe: dous mil cincocentos euros (2.500,00 €).*

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

- *Obxecto: arranxo de vivenda incendiada no Lugar de Casasoá, 7 (Maceda).*
- *Aplicación orzamentaria: 23111/480.01*
- *Esta subvención quedará condicionada a:*
 - * a entidade colaboradora actúa en nome e por conta da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos relacionados con esta subvención, entregando e distribuíndo os fondos públicos ao beneficiario final, e non considerándose estes fondos integrantes do seu patrimonio municipal.*
 - * o alcance da colaboración e concreción das garantías e dereitos rexerase, no que non estea previsto neste acordo e sempre que sexa aplicable pola Lei 38/2003, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015). Neste sentido, e dada a condición de Administración Pública do Concello de Maceda, queda exonerado da constitución de garantías consonte co sinalado no artigo 42 do RD 887/2006.*
 - * o concello, na súa condición de entidade colaboradora, queda obrigado respecto da Deputación Provincial a xustificar a entrega dos fondos percibidos e demais obrigas sinaladas no artigo 15 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e artigos 18 a 29 do Real decreto 887/2006 que a desenvolve.*
 - *o beneficiario será o encargado de obter todas as autorizacións e permisos necesarios para a autorización das obras e de contratar estas, asumindo a responsabilidade en exclusiva destes feitos e da posterior execución da obra.*
 - *a xustificación da subvención deberá presentarse antes do 15.12.2017. Sen prexuízo do anterior e atendida a situación económica do beneficiario, a Deputación poderá librar un anticipo de ata o 100% da subvención, a solicitude do concello como entidade colaboradora, e sen necesidade de constituír ningún tipo de garantía, sempre que o concello non teña débedas coa Deputación por importe superior ao 2% dos recursos ordinarios do último exercicio municipal liquidado. Para tal efecto e coa solicitude do anticipo, o concello deberá presentar certificación na que conste o importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado. No caso de que a débeda do concello coa Deputación supere a indicada porcentaxe do 2% o libramento do anticipo quedará condicionado á constitución de garantía na forma*

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017
--

prevista no artigo 16.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á SOCIEDAD DEPORTIVA NOGUEIRA DE

RAMUÍN.- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.12 unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor da Sociedad Deportiva Nogueira de Ramuín, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2016-2017.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade na provincia de Ourense, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Sociedad Deportiva Nogueira de Ramuín, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes á tempada 2016-2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións, ao tratarse de gastos ordinarios de funcionamento do beneficiario, bastará con que o gasto xustificado sexa igual ao importe da subvención concedida.

Así mesmo, no seu artigo 16, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Por último, e, ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 20 de xuño de 2017.

6.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DE NOGUEIRA DE RAMUÍN E O PEREIRO DE AGUIAR PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DE MELIAS E BOMBEO EN ALTA.

- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, de data 23 de marzo de 2017, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o mencionado convenio conforme coas seguintes cláusulas:

1ª.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial de Ourense aos concellos do Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín do servizo de asistencia e cooperación para a xestión da estación de tratamento de auga potable de Melias, incluíndo o bombeo en fervenza e aos seus correspondentes depósitos, sitos en Agra de Arriba – Lamagrande e San Miguel –Faramontaos.

Este convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais prevista nos artigos 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, *do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, e da competencia municipal para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.

2ª.- Condicións da prestación do servizo

A Deputación Provincial de Ourense prestaralles aos concellos adheridos a este convenio a asistencia técnica de xestión integral da ETAP de Melias, incluíndo a asistencia técnica para a xestión do seu funcionamento ordinario, a realización do seu mantemento e as análíticas legalmente esixibles, así como o mantemento correctivo e reposición dos equipos.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

O servizo de asistencia técnica será prestado pola Deputación Provincial de Ourense a través da entidade AquaOurense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente. Exceptúanse desta previsión os mantementos preventivos e correctivo e a reposición dos equipos, así como a asistencia para a xestión da subministración de enerxía eléctrica, que será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo a compra, substitución e amortización dos equipos e a contratación e o pagamento da enerxía eléctrica, que serán obxecto de repercusión aos concellos nos termos previstos na cláusula 3ª.

Nos primeiros meses do ano 2017, a Deputación Provincial de Ourense levará a cabo, directamente, a reposición dos filtros, a substitución dunha electrobomba de captación e a substitución dunha bomba de impulsión.

En todo caso, o servizo público obxecto desta asistencia técnica conservará, en todo momento, o seu carácter de servizo público municipal, de titularidade compartida entre os concellos de Nogueira de Ramuín e O Pereiro de Aguiar, correspondéndolles a súa xestión, sen prexuízo da asistencia da Deputación.

3ª.- Retribucións económicas

En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

- a) Tarifa fixa mensual pola xestión a Nogueira de Ramuín: 2.398,06 €/mes (IVE non incluído)
- b) Tarifa fixa mensual pola xestión a O Pereiro de Aguiar: 7.194,18 €/mes (IVE non incluído)
- c) Tarifa variable por cada m³ de auga potable que se subministre dende a ETAP de Melias de 0,24 €/m³ (IVE non incluído). Este valor é estimado para cubrir os custos da parte variable da enerxía que se deberá liquidar ao final de ano coa cantidade efectivamente facturada á Deputación Provincial de Ourense pola empresa subministradora neste concepto.

No caso de Nogueira de Ramuín aplicarase unha redución de 0,209 €/m³, por cada m³ subministrado á ETAP polo concello dende o depósito municipal de Faramontaos.

Ás tarifas sinaladas aplicaráselles o IVE vixente en cada momento.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

As tarifas variables liquidaráselle a cada concello en función dos m³ de auga subministrados a cada un.

A Deputación Provincial de Ourense aprobará as oportunas liquidacións semestrais, referidas ao 30 de xuño e ao 31 de decembro do ano natural, que se lles notificarán aos concellos, outorgándolles un prazo de trinta días para o seu pago. Nas liquidacións semestrais incluíranse as tarifas variables correspondentes ao consumo efectivo e a parte proporcional das tarifas fixas.

4ª.- Comisión de seguimento, control e vixilancia

Establécese unha Comisión de Seguimento, Control e Vixilancia do convenio, presidida polo deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan do Mandato 2015-2019 e que estará integrada polo director da Área de Medio Ambiente e un representante designado por cada concello, entendendo que, en ausencia de designación expresa, a dita representación lles corresponderá aos respectivos alcaldes. Actuará como secretaria da comisión a asesora xurídica de Medio Ambiente ou funcionario que legalmente a substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido na Subsección 1, Sección 3ª, Título Preliminar da Lei de réxime xurídico do sector público.

A Comisión de Seguimento, Control e Vixilancia reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

5ª.- Vixencia

Este convenio terá efectos retroactivos e estará vixente dende o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2017.

6ª.- Extinción do convenio

Este convenio só poderá ser resolto polo cumprimento do prazo da súa vixencia ou por denuncia unilateral dunha das partes por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Neste último caso, a entidade interesada comunicará, cunha antelación mínima

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 30 de marzo de 2017

dun mes á súa data de efectividade, a súa decisión de resolver o convenio, que será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderalle, en todo caso, á Deputación Provincial de Ourense, mediante resolución da Presidencia adoptada tras a audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

7ª.- Natureza e réxime xurídico

Este convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

2º.- Ordenar a publicación do convenio no BOP, para xeral coñecemento.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA: Non se suscitaron.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA: Non se presentaron.

9.- ROGOS E PREGUNTAS: Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día trinta de marzo do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,